



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adl@concellocarballedo.es

DON JULIO MANUEL YEBRA-PIMENTEL BLANCO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

“DECRETO.- RESULTADO FINAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SERRA DO FARO V.-

Vista a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 2020, Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Visto o expediente relativo ao Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro V” da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada, sendo a entidade promotora o Concello de Carballedo, no cal estaba contemplado a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea.

Vistas as bases do proceso de referencia, aprobadas por Decreto desta Alcaldía de data 12 de agosto de 2021.

Considerando que as bases completas da convocatoria xunto cos modelos de solicitude foron publicados con data 18.08.2021 na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade.

Considerando que, conforme se establecía nas bases, o anuncio co extracto da convocatoria foi publicado no BOP de Lugo con data 19.08.2021. As amentadas bases establecían que “o prazo de presentación das solicitudes será de quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte”.

Considerando que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 03 de setembro de 2021, e posto que non se presentaron solicitudes para participar na presente convocatoria por parte de ningunha entidade beneficiaria dos incentivos á contratación,

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar o resultado final da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea para facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro V, sendo o seguinte:

- ENTIDADES BENEFICIARIAS PRESENTADAS AO PROCESO: NINGUNHA.
- RESULTADO FINAL DO PROCESO DE REFERENCIA: DESERTO.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade, aos efectos oportunos.

En Carballedo, a 21 de setembro de 2021.-

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O alcalde, D. Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco

O secretario, D. Fernando Torre Comesaña

